

A G O S T O

Son abundantes as mulleres que aparecen durante este mes e que se dedican á literatura, a pesar de que, como di Isabel Allende, «até hai pouco tempo había moitos máis escritores masculinos que femininos, e a historia da muller contábase os homes a través do seu prisma». Comentade en grupo esta reflexión súa e buscade datos para elaborar unha breve biografía na que se inclúa a súa produción artística.

Mary Shelley e Susan Sontag son escritoras que pertencen a distintas épocas e intereses. Investiga sobre ambas as dúas e sobre os temas dos que escribiron.

Sabemos que ningunha muller se pode illar totalmente do mundo real dominado polos homes, pero no mundo das ideas podemos trazar fronteiras que abran novas perspectivas de pensamento, que nos permitan ver os problemas doutra maneira»

Elaine Showalter

Pensas que o feito de que haxa mulleres escritoras achega á tradición literaria algunha calidade específica que diferencie os seus textos dos textos escritos por varóns?

Consideras que as mulleres teñen dificultades para escribir? Cales opinións que son os factores que impiden escribir a unha muller? Pensas que son os mesmos que lle impiden falar?

Por que hai máis mulleres que se dedicaron á literatura que a outras actividades como a ciencia ou a política?

Revisa algúns textos literarios (novela, poesía) escritos por mulleres e constata se se dan os mesmos estereotipos sobre as mulleres que se acostuman dar en escritores varóns: indecisión, pasividade, inestabilidade, confinamento, piedade, irracionalidade, etc...

No seguinte fragmento do poema escrito pola poeta argentina Alfonsina Storni hai unha concepción da vida da muller, cal é?

Anda , date a voar, faite abella,
No xardín florecen papoulas,
Mará a alma túa estará vella .

Anda, solta a voar, faite pomba,
Percorre o bosque e pica grans.
Come migallas de distintas mans
A polpa morde fragante poma.

Anda date a voar, sé andoriña
Busca a praia dos soles de ouro.
Gusta a primavera e o seu tesouro.

A primavera é única e divina...
...Corre, camiña máis , é pouco aquilo...
aínda quedan cousas que a túa man anhela
Corre, camiña, xira, sobe e voa:
Gústao todo porque todo é belo

Alfonsina Storni



A G O S T O

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
		1902 Nace Lola Iturbe, sindicalista libertaria, corresponsal de guerra e escritora	1942 Nace Isabel Allende. Escritora chilena. "Cuentos de Eva Luna"	1916 Nace Adelita del Campo, danzarina e actriz. Organización de Mujeres Libres	1948 Falece Mileva Maric, matemática	1939 Foron fusiladas en Madrid 13 adolescentes, "as trece rosas", das J.S.U.
6	7	8	9	10	11	12
1949 Nace en Mallorca, Margalida Mora Rosselló, campioa de España de Tiro Olímpico	s.IV Ágape, mestra e compañeira de Prisciliano, fundadora da seita das agapetas	1857 Nace Cécile Chaminade, pianista e compositora francesa	1897 Nace Marta Brunet, escritora chilena, representante da narrativa crioulista	1929 Nace Grisélides Real: Prostituta, escritora e poeta. Defendeu os dereitos das prostitutas	Día Internacional da Muller Sudafricana	1914 Amnistía para as sufraxistas inglesas encadeadas por defender o dirto. ao voto
13	14	15	16	17	18	19
1934 Nace Maria Cascales. Bioquímica. 1ª Muller da Real Academia de Farmacia	1960 Nace Sarah Brightman, soprano británica	1896 Nace Gerty Cori. Nobel de Fisioloxía. Estudos sobre fosforilación de azúcares	1944 Nace Soledad Becerril, 1ª muller Ministra da democracia española	1993 Susan Sontag, Príncipe de Asturias, montañista en Saraxevo, "En attendant Godot"	1920 Recoñéceneselles ás mulleres o dereito ao voto nos EE.UU.	1975 Elena López. 2ª muller integrante da Sociedade Cubana de Hª da Medicina
20	21	22	23	24	25	26
1900 Nace en Cuba, Rita Montaner, unha das máis grandes cantantes cubanas	1946 Apróbase na Arxentina a Lei sobre Dirto. Políticos da Muller incluíndo o voto	11947 Nace Rosa Pereda, escritora santanderina. Escribe "O triángulo amoroso: desexo, sexo ou traizón"	1909 Chega a Melilla Carmen de Burgos "Colombine", 1ª muller corresponsal de guerra	1781 Último Auto de Fe da Inquisición Sevillana. Condena a morte á beata cega	1995 "O contradiscurso das mulleres" de Carme Blanco, 1ª hria. en galego do Feminismo	1898 Nace Peggy Guggenheim, coleccionista e galerista de arte
27	28	29	30	31		
1932 Nace Antonia Fraser, historiadora e escritora inglesa	1981 Iniciase a marcha de mulleres contra a OTAN en Greeham Camnon. Durou 13 anos	1873 Nace en Madrid Mª Goyri, pedagoga e escritora feminista. 2ª muller universitaria	1797 Nace Mary Shelley, escritora inglesa, autora do clásico Frankenstein	1870 Nace Mª Montessori. 1ª muller italiana Doutora en Medicina. Método Montessori		